

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

#EAN3

*III ENCONTRO DE
ARTISTAS NOVOS
CIDADE DA CULTURA*

9-13 DE SETEMBRO
GAIÁS-CIDADE DA CULTURA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



GAIÁS

CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



III ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS “CIDADE DA CULTURA”

BASES CONVOCATORIA

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, a través do seu departamento de Acción Cultural, convoca a terceira edición do ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA» que terá lugar entre os días 9 e 13 de setembro de 2013 na Cidade da Cultura de Galicia.

Durante catro xornadas, o complexo cultural do Monte Gaiás convertirase en escenario de intercambio onde reflexionar sobre aspectos esenciais da creación artística contemporánea, e aqueles outros máis concretos e relacionados coa construción dunha obra e a súa proxección no mundo real.

Os obxectivos do III ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA» son:

- 1. A convivencia entre mozos artistas galegos e os procedentes doutros lugares.**
- 2. Debater sobre a situación actual da Arte Contemporánea.**
- 3. Proporcionar un espazo de encontro e intercambio de coñecementos e ideas entre artistas e outros axentes culturais (comisarios, críticos, etc.)**

A participación no III ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA» estará suxeita á obtención dunha das 70 prazas que inclúen a matrícula de inscrición, a estancia no complexo Monte do Gozo, así como os traslados ao recinto da Cidade da Cultura de Galicia.

Dentro do programa inclúese o «Foro Aberto», onde todos os asistentes deberán participar expoñendo os seus propios proxectos artísticos a través de breves presentacións públicas.

Como meeting point, e entendendo que é preciso establecer redes de intercambios e sinerxías entre os novos artistas e os axentes do sector da arte co fin de estimular a colaboración mutua, a terceira edición do ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS «CIDADE DA CULTURA» segue traballando coa figura dos «Art Followers», ou todos aqueles comisarios, críticos, editores, etc., que apoian aos novos creadores e que queren estar ao corrente das novidades do artista emerxente e os seus proxectos artísticos.

PROGRAMA

XORNADA I

LUNS, 9 DE SETEMBRO

- 16:00 h. Recepción no Monte do Gozo
- 21:30 h. Cea de recepción

XORNADA II

MARTES, 10 DE SETEMBRO

- 09:00 h. Almorzo
- 10:00 h. Benvida e Percorrido pola Cidade da Cultura con
María Pereira, Directora de Acción Cultural
Rafael Doctor, Director III Encontro de Artistas Novos
- 12:00 h. O autor e a súa obra: Carmen Nogueira
- 14:30 h. Xantar
- 17:30 h. Foro Aberto I
- 21:30 h. Cea

XORNADA III

MÉRCORES, 11 DE SETEMBRO

- 09:00 h. Almorzo
- 10:00 h. O autor e a súa obra: Nuria Güell
- 12:00 h. Foro Aberto II
- 14:30 h. Xantar
- 17:30 h. Foro Aberto III
- 21:30 h. Cea

XORNADA IV

XOVES, 21 DE SETEMBRO

- 09:00 h. Almorzo
- 10:00 h. O autor e a súa obra: Rogelio López Cuencia
- 12:00 h. Foro Aberto IV
- 14:30 h. Xantar
- 17:30 h. Foro Aberto V
- 21:30 h. Cea

XORNADA V

VENRES, 13 DE SETEMBRO

- 10:00 h. Almorzo
- 11:00 h. O autor e a súa obra: Fernando Sánchez Castillo
- 13:00 h. Entrega de diplomas e conclusión do curso
- 14:30 h. Xantar de despedida

BIOGRAFÍAS / DIRECTOR

RAFAEL DOCTOR

1966, Calzada de Calatrava (Cidade Real)

Licenciado en Historia da Arte pola Universidad Complutense de Madrid (UCM), a súa traxectoria estivo desde sempre estreitamente vencellada á Xestión Cultural e á creación contemporánea. En 1993 comeza a facerse cargo da programación expositiva do Canal de Isabel II da Comunidade de Madrid, ata que en 1997 pasa a crear e dirixir o «Espacio Uno» do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. Xa en 2001, diseña a programación cultural de Casa América, e en 2002 ponse á fronte do Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León (MUSAC), do que foi director ata comezos de 2009.

Como comisario realizou proxectos expositivos tan relevantes como *La noche en blanco* (Madrid, 2009), *Ofelias*

y *Ulises*. En torno al arte español contemporáneo (*La Biennale di Venezia*, 2001), ou *Apricots along the street*, coa artista Pipilotti Rist (MNCARS, 2001). Desde que en 1989 fundase Apartado 14.479, a súa labor no campo editorial é igualmente reseñable: é creador de coleccións como *Artre sobre papel* (Coydis) e *Tf. Foto* (Tf Editores), ou autor de libros relacionados coa fotografía —da que é concienzudo coleccionista— como *Una historia (otra) de la Fotografía* (Caja Madrid, 2000), *Historias de las Fotografías* (Taller de Arte, 2002), ou *FotoRamblas. Boxeadores, luchadores, varietés y otras imágenes de un estudio de Barcelona* (Tf Editores, 2002).

BIOGRAFÍAS / ARTISTAS

NURIA GÜELL

1981, Barcelona

Nada en 1981, Núria Güell formouse no campo das artes plásticas a cabalo entre Barcelona e A Habana. En 2009 participou na X Bienal da Habana, en 2010 na Bienal de Pontevedra e de Liverpool e en 2011 o seu traballo amosouse na Trienal de Tallin e na Bienal de Liubliana. A súa obra mostrouse en museos de Barcelona, A Haia, Madrid, Hertogenbosch, París, Nova York, Miami, Formigine, Londres e A Habana, así como en diversos centros sociais auto-xestionados.

ROGELIO LÓPEZ CUENCA

1959, Nerja (Málaga)

Artista visual, a súa obra está desde os seus inicios marcada polo seu carácter político, no que se instala a través dun sutil e hábil manexo da linguaxe e a relectura de imaxes cotiás ou procedentes dos medios de comunicación, efectuando así unha aguda crítica da cultura e a sociedade contemporáneas que nunca esquece a súa sutileza irónica e poética. O seu traballo combina elementos e procedementos propios tanto das artes plásticas como da literatura, as artes plásticas ou as ciencias sociais. Desde finais da década dos 80 amosouse o seu traballo tanto a través de exposicións en galerías e museos como mediante a realización de proxectos de arte pública en relación coa identidade e memorias colectivas, como Malagana ou Málaga 1937. Participou nas Bienais de Arte Contemporánea de Johannesburgo (1994), manifesta 1, en Rotterdam (1996), Lima (2002), Sao Paulo (2002) e Istambul (2003). Participou como profesor convidado en numerosas facultades de Belas Artes e institucións relacionadas coa arte contemporánea, como o Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona, Universidad Internacional de Andalucía, Arteleku ou o Instituto de Estética y Teoría de la Artes, Madrid.

CARMEN NOGUEIRA

1970, Vigo

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca e Doutora pola Universidade de Vigo. Premio extraordinario de doutorado no curso 2001-2002, foi profesora asociada e investigadora na Universidad de Vigo, e bolseira na Hochschule de Berlín. Estudou tamén con Pedro G. Romero (Quincena de arte de Montesquiú, 1990) e participou en proxectos como Atelier Christoph Colomb (Burdeos-Sevilla-Salamanca, 1993); Encuentros (Burdeos-Arteleku-Salamanca, 1993); Bienal de Maastrich 1993, e Sólo para tus ojos (Arteleku, 1997). Foi cofundadora da revista de arte e cultura Fe (1995-1999). Entre os seus proxectos expositivos destacan a súa participación en La Ciudad interpretada (Santiago de Compostela, 2006), a serie Refuxios (Urbanitas, MARCO de Vigo, 2006; Metrínom, Barcelona, 2005/2006; Galería Adhoc, Vigo 2004/5; Coro de la Universidad de Santiago, 2003), Corpos de produción (Santiago, 2002-2003), El cuerpo extraño (Galería Adhoc, Vigo, 2001), Negro (Galería Visor, Valencia, 2002), Ecosofías (Sala Amadás, Madrid, 2000) e a súa participación na Bienal de Pontevedra (2000).

FERNANDO SÁNCHEZ CASTILLO

1970, Madrid

Licenciado en Belas Artes na Universidad Complutense de Madrid. Realiza un máster en Filosofía e Estética na Universidad Autónoma de Madrid e obtén sendas bolsas da Fundación Marcelino Botín e a Escola de Belas Artes de París. Espuxo a súa obra individualmente na Fundació Espais de Girona ou La Casa Encendida e, como parte de proxectos colectivos, no Museo Reina Sofía de Madrid, o MoMA de Nova York, a Tate Modern de Londres, a Fundació Miró de Barcelona ou o Patio Herreriano de Valladolid.

BIOGRAFÍAS / ART FOLLOWERS

CRISTINA ANGLADA

1985, Madrid

Comisaria, investigadora e crítica de arte contemporánea independente. Licenciouse en Historia da Arte pola Universidad Complutense de Madrid (2002-2007). Cursou o Máster en Historia da Arte Contemporánea e Cultura Visual pola UCM e o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (2010-2011). É socia fundadora e directora da revista online de arte contemporánea *Nosotros*, a través da que se recolle, investiga e promociona parte da escena artística local. Recentemente realizou varios proxectos expositivos en diversos formatos: *Hey Moon. Doce* (un fanzine formulado a modo de exposición colectiva realizado en colaboración con *Mooodoo Publishing*), unha exposición comisariada xunto a Tolo Cañellas na *New Gallery* (2013) e proximamente a intervención na web de José Robles co artista *Feréstec* (2013).

DAVID BARRO

1974, Ferrol (A Coruña)

Editor de *DARDO*, co-director –co brasileiro Paulo Reis– de *DARDO* magazine e crítico de *El Cultural* (*El Mundo*) desde 1998, licenciouse en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1997. Desde entón, a súa traxectoria profesional estivo estreitamente vencellada ao mundo editorial como fundador e director das revistas *InteresArte* (1998) e *[W]art* (2003–05), Director de *Arte y Parte* (1998–1999), ou como colaborador de *masdearte.com* ou *ARCO Noticias*. Como comisario realizou exposicións individuais de artistas como Julian Opie, Baltazar Torres ou Sandra Cinto, e outras tantas colectivas entre as que cabe mencionar *El espejo que huye* (Centro Cultural Cajastur Palacio de Revillagigedo, Xixón, 2009), *Sin título. El arte del siglo XX en la Colección Berardo* (Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2006), *Seducidos por el accidente* (Fundación Luis Seoane, A Coruña, 2005) ou *Otras alternativas. Novas experiencias visuais en Portugal* (Museo de Arte Contemporáneo de Vigo, 2004). Foi Director Artístico no 2010 do proxecto *Look Up! Natural Porto Art Show* (Porto), e en 2011, do *SOS 4.8– Festival Internacional de Acción Artística Sostenible* (Murcia).

PABLO FLOREZ

1980, Madrid

Licenciado en Historia da Arte pola Universidad Complutense de Madrid, realizou cursos de docencia e investigación nesta universidade no programa de doutorado “*El Imaginario Colectivo*” (2004/2006), coa especialidade en arte pop británico mediante un traballo de investigación centrado na obra de Richard Hamilton e a súa relación cos movementos musicais e contraculturais ingleses das décadas dos 50 e 60 do pasado século XX. Actualmente exerce labores de director na Galería Heinrich Ehrhardt de Madrid. Anteriormente exerceu labores de rexistro, documentación, programación e coordinación de exposicións noutras galerías e museos como Galería Marlborough, Museo Thyssen Bornemisza. A nivel de investigación e crítica de arte, foi redactor e corresponsal europeo na revista *Arte y Parte* e colabora habitualmente con artigos e textos en catálogos e publicacións, entre outros, para *La Conservera de Murcia*, Museo Patio Herreriano de Valladolid, Fundación Cajasol de Sevilla, *Revista Plástico*, *La Casa Encendida de Madrid*, ou *Kunst im Tunnel de Düsseldorf*.

MARIANO MAYER

1971, Bos Aires

Poeta, crítico e comisario independente. Desde o 2002 vive en Madrid. Entre os seus últimos proxectos como comisario figuran *Visible, Móvil, vidente* (Centro Párraga, Murcia, 2012–2013); *XXIII Circuitos de Artes Plásticas* (Sala de Arte Joven, Madrid, 2012); *La forma abierta* (Mite Galería, Buenos Aires, 2012); *En la larga duración* (*El Taller*, Madrid, 2011); *Cerrado, no oscuro* (Galería Blanca Soto, Madrid, 2011); *Encabalgamientos* (Galería Alberto Sendrós, arteBA 2011, Buenos Aires) ou *Plano, peso, punto y Medida* (Universidad Torcuato Di Tella, Departamento de Arte, Buenos Aires, 2011). Coordinou as exposicións *Estación Experimental. Investigaciones y fenómenos artísticos* (CA2M, Móstoles, 2011) e *Antes que todo* (CA2M, Móstoles, 2010–2011) e as súas respectivas publicacións. Publicou, entre outros, os libros *Justus*, (Deputación de León e Instituto Leonés de Cultura, 2009); *CAFÉ* (Madrid, 2009); *We are ugly but we have the music*, xunto a Iván Mezcuca (Madrid, 2005) ou *Fanta* (Corregidor, Buenos Aires, 2002). Colabora desenvolvendo textos e entrevistas para diversas publicacións e institucións.

BASES CONVOCATORIA

OBXECTO

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 100 prazas gratuítas para a participación no III Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura' que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia de Santiago de Compostela do 9 ao 13 de setembro de 2013.

CARACTERÍSTICAS

As 70 prazas terán 2 ámbitos de participación:

1. Rexional, mediante o que se concederán un 50% das bolsas aos solicitantes nados ou residentes na comunidade autónoma de Galicia.
2. Nacional/Internacional, no que o 50% das bolsas serán concedidas aos solicitantes de procedencia tanto nacional como internacional.

Dentro do programa do III Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura' celebrarase o Foro Aberto, no que todos os participantes estarán obrigados a amosar os seus traballos mediante unha corta presentación a xeito de conferencia de 10 minutos, para a que o participante aportará o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés, e en ningún caso a institución facilitará interpretación simultánea.

DOTACIÓN

Os 70 participantes no III Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura', obterán una dotación que inclúe:

1. Matrícula de inscrición.
2. Estancia en réxime de pensión completa no complexo do Monte do Gozo de Santiago de Compostela dende o Luns 9 de setembro ata o Venres 13 de setembro de 2013 —ambas xornadas inclusive—.
3. Transportes diarios dende o complexo do Monte do Gozo ata a Cidade da Cultura de Galicia

Durante o tempo no que se goce desta dotación, cada un dos seleccionados estará cuberto por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela dende o lugar de residencia e posterior regreso, serán sufragados polos beneficiarios.

CONDICIÓNS

Poderán presentarse todos aqueles profesionais nados entre 1977 e 1994, ambos anos inclusive.

A convocatoria é aberta e poderán presentarse a ela tanto estudantes e licenciados en Belas Artes —e afíns—, como todos aqueles que mediante a documentación presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico. Se a solicitude provén dun colectivo, aqueles dos seus membros que queiran ser beneficiarios dunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

Para a obtención dunha das 70 prazas será condición non tela gozado nas anteriores edicións do Encontro.

DOCUMENTACIÓN

O solicitante deberá presentar a documentación a continuación detallada nun único documento dixital que levará por título «III_EAN_[nome de solicitante]»:

1. Boletín de subscripción adxunto e cuberto en letras capitais ou maiúsculas. O boletín poderá ser descargado en formato pdf na web www.cidadedacultura.org/programacultural.
2. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
3. Curriculum Vitae abreviado —máximo 1 folla—.
4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato papel —máximo 15 follas—.
5. Resumo —máximo 1 folla—, da presentación a realizar no Foro.

O documento deberá obrigatoriamente respectar as características a continuación:

1. O formato do documento deberá ser DinA4 —ou no seu defecto US letter ou tamaño folio—.
2. A extensión do arquivo será .pdf
3. En ningún caso o arquivo poderá superar os 3 MB.
4. O nome do arquivo levará por título «III_EAN_[nome de solicitante]»

BASES CONVOCATORIA

Non se aceptarán traballos orixinais ou calquera documentación adxunta como catálogos ou folletos. A documentación entregada non será devolvida aos participantes.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás 15:00 horas do Venres 5 de xullo de 2013. Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes deberán ser entregadas por correo electrónico nun único documento que cumpra as características citadas anteriormente e no prazo igualmente sinalado.

O enderezo electrónico de recepción de solicitudes será: encontro@cidadedacultura.org

O solicitante recibirá vía correo electrónico notificación da devandita presentación.

DECISIÓN E PUBLICACIÓN

A decisión dun xurado formado por profesionais do medio, cuxa identidade a institución manterá na máis estrita confidencialidade, será publicada na web www.cidadedacultura.org/programacultural, o Venres 26 de xullo de 2013.

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓN

Os seleccionados deberán subscribir a súa aceptación vía correo electrónico indicando a seu nome completo (nome e apelidos) e número de DNI ou Pasaporte (segundo o aportado na solicitude), no enderezo encontro@cidadedacultura.org, antes do Venres 2 de agosto de 2012. A ausencia desta aceptación será entendida pola institución como de declinación por parte do solicitante.

Posteriormente, se restasen prazas vacantes, a institución recorrerá á lista de suplentes e que será publicada na páxina web www.cidadedacultura.org/programacultural, o Venres 9 de agosto de 2012.

GRAVACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

Os seleccionados que subscriban a súa aceptación, estarán a aceptar a gravación e difusión da súa imaxe a través de tanto medios en soporte papel ou dixital, como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no III Encontro de Artistas Novos 'Cidade da Cultura' do departamento de Acción Cultural da Cidade da Cultura de Galicia, supón a total aceptación destas bases.

A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

MÁIS INFORMACIÓN

encontro@cidadedacultura.org
www.cidadedacultura.org/programacultural



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA